

Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Subvencións e axudas

BASES DO PRIMEIRO CONCURSO DE DECORACIÓN DE RÚAS DO NADAL DE CALDAS DE REIS

Expediente: 2288 / 2023

Asunto: I Concurso decoración do Nadal

DECRETO

D. MANUEL FARIÑA SOUTO, TENENTE DE ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO DÍA DA DATA EMITÍU A SEGUINTE RESOLUCIÓN

CONSIDERANDO:

- 1º.— O Concello de Caldas de Reis organiza o primeiro Concurso de decoración de rúas do Nadal, co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación das rúas, prazas, fachadas, establecementos e demais lugares singulares do concello, facendo partícipes aos comercios, entidades, veciños e veciñas da imaxe da vila. O obxectivo é incentivar o coidado e embelecemento do noso concello, e vestir á vila de Caldas dun aspecto navideño e máxico para facer deste nadal unha época especial.
- 2º.— O día 30 de outubro o Tenente de Alcalde fai unha providencia para incoar o expediente do I Concurso de decoración do Nadal.
- 3º.— Visto o informe de Intervención dedata 07 de novembro de 2023.

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Aprobar as seguintes Bases de Participación:

BASES:

1.— OBXECTIVO

O Concello de Caldas de Reis organiza o primeiro Concurso de decoración de rúas do Nadal, co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación das rúas, prazas, fachadas, establecementos e demais lugares singulares do concello, facendo partícipes aos comercios, entidades, veciños e veciñas da imaxe da vila. O obxectivo é incentivar o coidado



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

e embelecemento do noso concello, e vestir á vila de Caldas dun aspecto navideño e máxico para facer deste nadal unha época especial.

Os proxectos que sexan estimados de interese xeral serán executados de acordo ao disposto na cláusula segunda, poñendo os veciños/as a man de obra, as tarefas construtivas, mantemento e conservación, e o Concello de Caldas de Reis o apoio técnico dos seus servizos correspondentes e cos subministrados básicos precisos.

As accións deberán referirse a espazos de dominio público.

O crédito orzamentario derivado desta convocatoria resulta imputable á aplicación orzamentaria 3384 / 22699.

2.— PARTICIPACIÓN

A participación está condicionada aos seguintes criterios:

- Administrativos:
 - Creación dunha comisión que pode ter carácter veciñal, asociativo, ou de calquera outro tipo, que cubrirá unha solicitude onde apareza o/a representante e un mínimo de tres persoas asinantes.
 - Presentación dun proxecto conformado dunha memoria descritiva que reflecta a actuación que se pretende levar a cabo coa delimitación do espazo no cal se vai a intervenir. Esta memoria descritiva permitirá ao concello valorar a viabilidade das accións.
 - A memoria descritiva deberá ter unha estrutura e planificación clara, cunha exposición o máis próxima posible á acción que se pretende executar, así como dos recursos materiais a usar e a súa xestión. Tamén deberá incluír unhas fotografías do lugar no momento de facer a solicitude de participación.
 - O incumprimento da memoria, nas partes esenciais, determinará a exclusión do concurso da comisión responsable.
 - Os proxectos presentados e que, os órganos de goberno competentes, consideren de realización innecesaria, ou desmesurado para o lugar onde se vai a realizar, serán requiridos para unha valoración e adaptación nun prazo de 7 días dende a recepción do requirimento. De non realizarse este no prazo estipulado, o proxecto será desestimado e, polo tanto, non se poderá executar.
 - Os responsables das actuacións non autorizadas terán a obriga de restitución ao estado orixinal do lugar afectado, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir por calquera actuación levada a cabo.
- Medio ambientais:
 - Potenciar a conservación e mellora da paisaxe e dos espazos públicos.
 - Respetar e incluír a flora autóctona.
- Urbanísticos:



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

- Habilitar o uso de espazos públicos con elementos axeitados (plantas, mobiliario urbano...) ao uso final por parte da comunidade, tendo en conta as necesidades de mobilidade e integración social.
- Enxeño para escoller e utilizar materiais e recursos dispoñibles na zona.
- Uso de materiais acorde ao entorno.
- Patrimoniais:
 - Poñer en valor e conservar elementos característicos que poidan existir en cada lugar.
 - Fomentar a difusión do idioma e a cultura propia do lugar, integrando refráns, debuxos, poemas, esculturas, lendas, cantigas...
- Lingüístico:
 - Empregarase o galego como idioma en aqueles elementos que empreguen grafía, tales como carteis, sinalizacións, topónimos...

3.— OBRIGAS DAS PARTES

- O concello:
 - Apoio normativo para as actuacións a levar a cabo.
 - O Concello colaborará coa aportación de materiais axeitados (elementos vexetais diversos e elementos de ferretería básica), segundo valoracións consensuadas polas dúas partes.

O crédito dispoñible para efectuar esta colaboración é de 1.500 €.

- A comisión:
 - Planificación clara tendo en conta as necesidades e o tipo de sociedade á que vai dirixida a transformación do espazo público.
 - Imaxinación para o aproveitamento dos propios recursos do lugar a acondicionar
 - A aceptación da execución dos traballos manuais que sexan precisos, así como a posterior organización para o mantemento e conservación.
 - A comisión comprométese a empregar a totalidade dos materiais facilitados polo Concello no proxecto autorizado, devolvendo os excedentes, se os houberse.
 - A comisión comprométese á desmontaxe das diferentes decoracións e a depositar os restos nos colectores de lixo axeitados.

4.— PARTICIPANTES

- Poderán participar todas as veciñas e veciños do municipio, así como os diferentes comercios e negocios que integren o seu escaparate na decoración do resto da rúa, constituídos nunha comisión que poderá ter carácter veciñal, asociativo ou de calquera outro tipo que cumpra os requisitos de participación da base terceira



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

5.— INSCRICIÓN

- A inscrición farase no Concello por un representante de cada comisión do lugar.

6.— XURADO

O xurado estará composto por:

- Técnico do departamento de Cultura do Concello de Caldas
- Representante das Asociacións Culturais
- Representante da Asociación de Comerciantes
- Representante da Asociación de Hostalería
- Concelleiro de Cultura

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade e non discriminación. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera oportuno.

6.— CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración serán acordes ao solicitado nos criterios de participación. Deste xeito puntuaranse os seguintes aspectos:

- Adecuación final á memoria presentada.
- Orixinalidade e creatividade nos deseños e elementos decorativos.
- Aproveitamento dos recursos e materiais da zona e adecuación da proposta ás características propias da contorna.
- Recuperación de elementos existentes característicos do lugar e uso de materiais e reempregados en elementos decorativos e ornamentación floral.
- Promoción de elementos tradicionais e fomento da cultura e tradicións locais.

7.— PRAZOS

- O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o día 20 de Novembro.
- Os participantes comprométese a manter exposta a decoración de nadal dende o día 10 de decembro ata o 6 de xaneiro.
- Entrega de premios:
 - Os lugares gañadores do concurso serán anunciados o día 30 de Decembro, durante a Festa de Fin de ano infantil.

8.— PREMIOS

As cantidades destinadas a esta convocatoria serán de 600 euros en premios.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

Establécense os seguintes premios:

- Honoríficos e económicos:
 - Primeiro premio: Trofeo + 300 €
 - Segundo premio: Trofeo + 200 €
 - Terceiro premio: Trofeo + 100 €
- Conmemorativos:
 - Diploma conmemorativo da participación a todas as comisións participantes.

Os premios económicos serán en forma de vales de compra no comercio local de Caldas de Reis.

9.— *CONDICIÓN DA EXECUCIÓN DOS PROXECTOS*

- Os gastos do Concello para poñer a disposición das comisións veciñais o subministro de materiais, imputaranse á aplicación 3384/22699 do vixente orzamento do concello.
- As adquisicións serán efectuadas polo concello de acordo á normativa contractual pública establecida na Lei 9/2017.

SEGUNDO.— Publicar as Bases no Boletín Oficial de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

O dispuxo e asina dixitalmente o Sr. Tenente de Alcalde.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Subvencións e axudas

CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

Expediente: 2288/2023

Asunto: I Concurso decoración do Nadal

DECRETO

D. MANUEL FARIÑA SOUTO, TENENTE DE ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO DÍA DA DATA EMITÍU A SEGUINTE RESOLUCIÓN

CONSIDERANDO:

1º.— O Concello de Caldas de Reis organiza o primeiro Concurso de decoración de rúas do Nadal, co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación das rúas, prazas, fachadas, establecementos e demais lugares singulares do concello, facendo partícipes aos comercios, entidades, veciños e veciñas da imaxe da vila. O obxectivo é incentivar o coidado e embelecemento do noso concello, e vestir á vila de Caldas dun aspecto navideño e máxico para facer deste nadal unha época especial.

2º.— O día 30 de outubro o Tenente de Alcalde fai unha providencia para incoar o expediente do I Concurso de decoración do Nadal.

3º.— Que no Decreto asinado polo Tenente de Alcalde con data 13/11/2023, no que se aproban as bases, no punto 7 fixa o prazo de presentación de proxectos para o día 20/11/2023, sendo o prazo correcto o día 27/11/2023.

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Modificar o punto 7 das bases aprobadas por decreto de Tenencia de Alcaldía de data 13 de novembro e fixar como prazo límite de presentación de proxectos o día 27 de novembro de 2023.

SEGUNDO.— Publicar esta corrección de erro no BOPPO e publicar as bases coa corrección no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

O dispuxo e asina dixitalmente o Sr. Tenente de Alcalde.

